

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OUTES

Bases reguladoras para a concesión de urxencia das axudas económicas para o mantemento da actividade económica e o emprego no Concello de Outes debido a crise provocada polo COVID-19

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE URXENCIA DAS AXUDAS ECONÓMICAS PARA O MANTENIMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA E O EMPREGO NO CONCELLO DE OUTES DEBIDO A CRISE PROVOCADA POLO COVID-19

BASES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Outes acorda impulsar un programa de axudas directas coa finalidade de axudar ao tecido empresarial a paliar as consecuencias da crise económica provocada pola pandemia do COVID-19.

1. Obxecto das axudas

A crise económica provocada pola declaración do estado de alarma a través do RD 463/2020 provocou no Concello de Outes que numerosas empresas se viran afectadas polo peche por causas de forza maior ou polo descenso da súa facturación debido á escaseza da demanda.

Debido a que a volta a normalidade vai a ser lenta e vai a afectar durante os primeiros meses a sectores moi importantes na economía local do termo municipal de Outes, faise necesaria a posta en marcha de medidas de apoio económico para tratar de paliar os efectos económicos da crise e axudar a manter o maior número de postos de traballo.

E por elo que o Concello publica un programa de subvencións cuxo obxecto sexa o de outorgar liquidez ás empresas e autónomos para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, mantemento da actividade e emprego e amortecer a redución drástica de ingresos.

Pretendese así protexer o interese xeral da cidadanía do Concello de Outes dando un soporte municipal que axude a manter a actividade económica que nutre dos servizos necesarios para o desenvolvemento económico e social do Concello.

Esta liña de axudas ademais cumpre coa obriga da administración local, garante do benestar da veciñanza, co fomento do emprego e o autoemprego.

Estas circunstancias excepcionais polas que pasa o tecido empresarial local xustifica o interese público, social e económico que dificultan a convocatoria de axudas en réxime de concorrencia e xustifican a concesión en réxime de concesión directa, e cun procedemento de tramitación de urxencia, que permita a redución de prazos fixados para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos. Ademais, as actuacións, teñen o carácter de máxima urxencia. Razón pola que en aplicación do apartado 4 da disposición adicional cuarta do R.D. 463/2020, a suspensión de prazos non se aplicará neste procedemento.

O Concello ten competencia para actuar nesta materia e aprobar esta convocatoria de subvencións ao abeiro do artigo 3.3.e) da Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, sobre medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei de racionalización e sustentabilidade da administración local. Aquela disposición baixo o título "Competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación" regula o procedemento para o exercicio desas novas competencias por parte dos concellos e o apartado 3.e), en concreto, dispón:

"3. En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: ... e) As obras, servizos, axudas, adquisicións ou subministración de emerxencia, por mor de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten directamente a seguridade pública."

Precisamente o Goberno español declarou o estado de alarma (RD 463/2020) e o Goberno galego o estado de emerxencia sanitaria (Resolución 13 de marzo de 2020) como consecuencia dunha situación excepcional de crise sanitaria que ademais ten unha grave repercusión na economía do país e, singularmente, sobre as pequenas e medianas empresas de carácter local, sector ao que se dirixe o programa municipal de subvencións.

2. Normativa aplicable

A presente convocatoria rexerese, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LXS) e o seu regulamento de desenvolvemento (en diante RLXS), aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante LSG); pola

Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local (en adiante LBRL); polas bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020; e, supletoriamente, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

A convocatoria destas subvencións deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, o taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

3. Crédito Orzamentario

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 90.000 € do vixente orzamento local con cargo á aplicación orzamentaria XXXXX, desagregado en dúas liñas de axudas:

1. Liña 1: Negocios afectados polo peche total da actividade, regulado polo R.D. 463/2020 no seu Anexo así como nas posteriores instrucións e modificacións publicadas, cun orzamento total de 58.000 €.

2. Liña 2: Negocios con peche parcial da actividade ou redución da súa facturación de polo menos o 30% respecto ao primeiro semestre de 2019, cun orzamento total de 32.000 €.

No caso de que non se chegue a esgotar o orzamento en algunha das liñas, trasladarase á outra como ampliación do crédito dispoñible e ata o seu esgotamento.

4. Contía das axudas

Todas aquelas persoas físicas e xurídicas que teñan a condición de beneficiarias concederáselles unha subvención coas seguintes contías:

1. Liña 1: 400 € a aquelas persoas físicas ou xurídicas afectadas polo peche por causas de forza maior.

2. Liña 2: 300 € a aquelas persoas físicas ou xurídicas que non véndose afectadas polo peche por causas de forza maior acrediten, no primeiro semestre de 2020, unha rebaixa do 30% da súa facturación respecto ao primeiro semestre de 2019. De ter iniciada a súa actividade despois do primeiro semestre de 2019, poderán acreditar a rebaixa na súa facturación coa comparación do último semestre completo. No caso de que a súa actividade non chegara a exercerse nun semestre completo, farase a valoración respecto ao período de actividade declarado.

5. Beneficiarios das axudas

Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas, físicas ou xurídicas con domicilio fiscal ou do centro de traballo en Outes, que leven a cabo as actividades económicas que motivan a concesión da subvención e que cumpran cos requisitos recollidos neste programa.

Concederase unha única axuda por persoa física ou xurídica solicitante

6. Requisitos específicos

Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que sexan:

Liña 1:

- Beneficiarias da prestación extraordinaria por cesamento de actividade, prevista no artigo 17 do Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, (na súa derradeira redacción dada tras as modificacións operadas polos reais decretos-leis 15/2020, do 21 de abril; 13/2020, do 7 de abril; e 11/2020, do 31 de marzo) adoptadas como consecuencia da aprobación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, pola que se declara o estado de alarma e o Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, que modifica o artigo 10 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo ou pola RESOLUCIÓN do 21 de marzo de 2020, da Vicepresidencia e Consellería de presidencia, administracións públicas e xustiza pola que se declara a suspensión de apertura ao público de determinadas actividades (Logopedas, fisioterapeutas e podólogos).

Liña 2:

- Persoas físicas ou xurídicas que acrediten que sufriron unha redución da súa facturación no primeiro semestre de 2020, de canto menos un 30% respecto ao primeiro semestre de 2019. De ter iniciada a súa actividade despois do primeiro semestre de 2019, poderán acreditar a rebaixa na súa facturación coa comparación do último semestre completo. No caso de que a súa actividade non chegara a exercerse nun semestre completo, farase a valoración respecto ao período de actividade declarado.

7. Requisitos xerais

a) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa autónoma, unha microempresa ou pequena empresa e estar de alta coa actividade o 14 de marzo de 2020. A microempresa e a pequena empresa son aquelas definidas conforme o anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014.

- b) Que o enderezo fiscal ou, se é o caso, o local de desenvolvemento da actividade se atopen no termo municipal de Outes.
- c) Non atoparse incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS) e coa Administración da comunidade autónoma. Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, se é o caso.
- d) Non ter ningunha débeda pendente co Concello de Outes. Este requisito verificarase de oficio pola Administración e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, se é o caso.
- e) En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse un representante apoderado, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación ou comunidade de bens. Así mesmo, e nos termos previstos no artigo 11.3 LXS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 LXS. Así mesmo, en caso de concesión da subvención, a resolución conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función das cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da subvención e, se é o caso, do seu reintegro.
- f) Só poderá ser subvencionada unha solicitude por empresa, aínda que varios socios/as da empresa sexan traballadores/as autónomos/as titulares e, polo tanto, beneficiarios e con dereito á prestación extraordinaria por cesamento de actividade. Tamén só será subvencionada unicamente unha empresa, independentemente de ter varios centros de traballo ou ter de alta varias actividades económicas coincidentes cos CNAE subvencionables.

Quedan excluídas as administracións públicas, os seus organismos autónomos, as empresas públicas e outros entes públicos, así como as asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro así como o persoal autónomo colaborador.

En ningún caso o importe da subvención unido ao doutras posibles subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado poderá superar a diminución de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.

8. Documentación a achegar

A solicitude deberá de facerse preferiblemente a través da sede electrónica do Concello <https://outes.sedelectronica.gal> (según anexo I que figura ao final desta convocatoria) deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

- A. En caso de persoa física:
- Anexo I, solicitude.
 - Anexo II Declaración Responsable
 - DNI polas dúas caras ou NIE.
 - Certificado actualizado de situación censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e, se é o caso, o do local de desenvolvemento da actividade.
 - Estar ao corrente cos tributos municipais.
 - Documento bancario ou similar que acredite o número e a titularidade da conta en onde efectuar o ingreso da subvención.
 - Documento de concesión da mutua ou o organismo correspondente que acredite ser beneficiario/a da prestación extraordinaria por cesamento de actividade.
 - Certificados de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia.
 - A acreditación da redución da facturación á que se fai referencia e no período establecido. Realízase mediante a achega da información contable que o xustifique, podendo facerse a través da copia do libro de rexistro de facturas emitidas e recibidas; do libro diario de ingresos e gastos; do libro rexistro de vendas e ingresos; ou do libro de compras e gastos. Aqueles/as traballadores/as autónomos/as que non estean obrigados/as a levar os libros que acreditan o volume de actividade, deberán acreditar a redución polo menos do 60%, esixida por calquera medio de proba admitido en dereito.
- B. En caso de persoas xurídicas, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:
- CIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

b) Certificado actualizado de situación censual da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e, se é o caso, o local de desenvolvemento da actividade.

c) Contrato de constitución da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica; e escritura de constitución e os estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no correspondente Rexistro.

d) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa.

e) DNI polas dúas caras ou NIE da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma.

f) Documento bancario ou similar que acredite o número e a titularidade da conta en onde efectuar o ingreso da subvención..

g) Documento de concesión da mutua ou organismo correspondente que acredite ser beneficiario/a da prestación extraordinaria por cesamento de actividade.

h) Documentación xustificativa de perdas económicas. Os/as solicitantes deberán demostrar ter sufrido perdas económicas durante o semestre de referencia dalgunha das seguintes maneiras:

- Declaración trimestral de ingresos e gastos referidas aos primeiros e segundos trimestres de 2019 e 2020 nas que deberá de quedar recollida a perda de ingresos.
- Copia do libro de facturas emitidas e recibidas, libro diario de ingresos e gastos, libro de ventas e ingresos, libro de contas e gastos.
- Conta de ingresos e gastos no caso de sociedades.
- Calquera outra documentación ou medio que sexa admitido en dereito que poida ser considerado para acreditar os termos a xustificar.

9. Prazo e forma de presentación de solicitudes

A Solicitude xunto co resto da documentación deberá de realizarse preferiblemente a través da sede electrónica do concello: <https://outes.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles a partir do día seguinte a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido ou a non utilización do formulario recollido na presente convocatoria, serán causas de inadmisión da solicitude.

10. Instrución e procedemento

A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase conforme co establecido nos artigos 22.2 e 28 da LXS.

O procedemento para a concesión desta axuda iniciarase unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e se axustará ao seguinte procedemento:

Liña 1: Concesión directa.

Liña 2: Concederanse segundo o criterio seguinte:

- Redución da facturación > 70%: 5 puntos.
- Redución da facturación 60%-70%: 4 puntos.
- Redución da facturación 50%-60%: 3 puntos.
- Redución da facturación 40%-50%: 2 puntos.
- Redución da facturación 30%-40%: 1 punto.

No caso de que a solicitude estea incompleta, requirirase ao interesado para que complete a documentación nun prazo máximo de 5 días naturais.

O alcalde nomeará unha comisión de valoración e seguimento para a avaliación das solicitudes e a documentación.

A valoración das solicitudes de subvención presentadas, unha vez comprobado que as mesmas reúnen todos os requisitos establecidos na convocatoria, realizarase mediante informe que se elevará ao órgano competente. A resolución de concesión e/ou denegación das axudas corresponderá a Alcalde.

O prazo máximo de resolución e notificación será de un mes a contar dende a finalización dos prazos de resolución dos requirimentos.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa

De conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra dita resolución poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste concello, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, a contar a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, de acordo co Artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

11. Forma de pago

Coa resolución de concesión, adiantarase o 100% do importe concedido, liberando aos beneficiarios do establecemento de garantías. Esta Alcaldía en aplicación do disposto no artigo 21.1.m) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local adopta tal decisión e para elo xustifica a concesión destas subvencións a favor das persoas determinadas nestas bases en consideración á grave crise económica provocada pola pandemia do Covid-19, asegurando que se respecta a legalidade en materia de subvencións e que coa firma do anexo II se cumpre coa existencia de sinatura de compromiso de presentar xustificantes da subvención. Resulta claro que o motivo da subvención impide que sexa postpagable e expost e o prazo de xustificación poderá ir máis alá do 31-12-2020 en virtude da duración incerta do estado de alarma.

12. Obrigas dos beneficiarios

Sen prexuízo do disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 Novembro, as subvencións xerais, son obrigacións dos beneficiarios:

O mantemento da actividade económica ata 31 de decembro de 2020. Así mesmo, e nos termos previstos no artigo 11.3 LXS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 LXS. Así mesmo, en caso de concesión da subvención, a resolución conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da subvención, e no seu caso, do seu reintegro.

13. Xustificación das axudas

No prazo máximo dun mes dende o final da obriga do mantemento da actividade, as persoas beneficiarias da subvención terán que presentar por rexistro, copia e orixinal que será devolto posteriormente á súa comprobación, da seguinte documentación:

- Informe actualizado sobre a vida laboral do solicitante emitido pola Seguridade Social onde quede acreditado que o negocio estaba dado de alta na data da declaración do estado de alarma, é dicir, o 14 de marzo e que estivo mantendo a súa actividade ata o 31 de decembro de 2020.

14. Compatibilidade con outras subvencións

Estas axudas son compatibles con calquera outra subvención, ingresos ou recurso para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou entidades públicas ou privadas, autonómicas, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. En ningún caso o importe da subvención unido ao de outras posibles axudas, para a mesma finalidade, poderá superar a minoración de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.

15. Reintegro da subvención

O reembolso total ou parcial da subvención será acordado polo órgano outorgante da mesma, respondendo sempre ao principio de proporcionalidade, e atendendo ás seguintes circunstancias:

- a) Non mantemento da actividade ata o 31 de decembro de 2020
- b) Incumprimento da obriga de xustificar.
- c) Resistencia, obstrución ou negativa ás actuacións de control financeiro.
- d) Falsidade nos datos facilitados para acollerse á solicitude de axuda.

16. Comprobación e control financeiro

As actuacións subvencionadas poden estar suxeitas a verificación e control financeiro en calquera fase da súa execución por parte do Concello. A persoa ou entidade beneficiaria debe facilitar o acceso ao lugar da acción e aportar canta documentación lle sexa requirida no exercicio destas actuacións. O control financeiro terá como obxectivo verificar a

correcta obtención dos fondos, o cumprimento das obrigas na aplicación dos fondos recibidos e a correcta xustificación da subvención.

17. Responsabilidade e réxime sancionador

En todo caso, estarase ao disposto con carácter xeral polo Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións.

Disposición final única

Nos asuntos non previstos nestas bases rexerá o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.

Outes (A Coruña), a vinteun de agosto de 2020.

A alcaldesa en funcións

(Decreto 2020-0239, do 6 de agosto)

Da. Alba Quintela Vilaríño

ANEXO I SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PROGRAMA "OUTES RECUPERA"

SOLICITUDE DE AXUDA: LIÑA 1 LIÑA 2

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDO	<input style="width: 100%;" type="text"/>
DNI	<input style="width: 25%;" type="text"/>
TELÉFONO FIXO	<input style="width: 75%;" type="text"/>
TELÉFONO MÓBIL	<input style="width: 70%;" type="text"/>
ENDEREZO PARTICULAR	<input style="width: 100%;" type="text"/>
LOCALIDADE	<input style="width: 30%;" type="text"/>
C.P.	<input style="width: 30%;" type="text"/>
e-mail	<input style="width: 100%;" type="text"/>

DATOS DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL

NOME/RAZÓN SOCIAL	<input style="width: 100%;" type="text"/>
CIF	<input style="width: 25%;" type="text"/>
COD. CNAE	<input style="width: 25%;" type="text"/>
ACTIVIDADE	<input style="width: 100%;" type="text"/>
ENDEREZO NEGOCIO	<input style="width: 100%;" type="text"/>
LOCALIDADE	<input style="width: 30%;" type="text"/>
C.P.	<input style="width: 30%;" type="text"/>
TELÉFONO CONTACTO	<input style="width: 60%;" type="text"/>

CONTA BANCARIA

IBAN	NUMERO DE CONTA

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

PERSOA FÍSICA **PERSOA XURÍDICA, C.B., S.C.**
ANEXO I **ANEXO II** **DNI** **CIF** **CERT. SITUACIÓN CENSUAL**
DOCUMENTO CONTA BANCARIA **CONCESIÓN PRESTACIÓN EXTRAORDINARIA**
CERTIFICADOS DE ESTAR AO CORRENTE COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

DOCUMENTACIÓN QUE ACREDITE A REDUCCIÓN DA FACTURACIÓN

-	-
-	-
-	-
-	-

CONTRATO DE CONSTITUCIÓN S.C., C.B. OUTRAS **ACREDITACIÓN DOS PODERES DA PERSOA ADMINISTRADORA**

O/A abaixo asinante, presenta esta solicitude asumindo a regulación aplicable á presente convocatoria (OUTES RECUPERA) con todas as obrigas que da mesma se deriven, e declara a veracidade dos datos que presenta e autoriza ao Concello de Outes para consultar a súa situación en relación a:

Estar ao corrente e non ter débedas coa AEAT

Estar ao corrente e non ter débedas coa ATRIGA

Estar ao corrente e non ter débedas coa SEGURIDADE SOCIAL

Estar ao corrente e non ter débedas con Concello de Outes

En Outes a de de 2020

(Sinatura solicitante)

ANEXO II**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/Dna.:

con DNI nº:

na súa condición de:

tendo solicitado ao Concello de Outes unha axuda económica ao abeiro das bases da convocatoria **“OUTES RECUPERA”**

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

- Que nin o abaixo asinante, nin, no seu caso, os representantes legais da persoa xurídica solicitante, atópanse en ningún dos supostos de exclusión para a obtención de axudas públicas á que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.
- Que a persoa física ou xurídica solicitante atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, segundo o previsto nos artigos 18 e 19 do Regulamento de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo.
- Que a persoa física ou xurídica solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas co Concello de Outes.
- Que a persoa física ou xurídica solicitante está ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións nos termos do artigo 21 do citado regulamento.
- Que a actividade pola que solicito a axuda ao abeiro do programa de axudas **“OUTES RECUPERA”** viuse afectada polo RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo ou pola RESOLUCIÓN do 21 de marzo de 2020, da Vicepresidencia e Consellería de presidencia, administracións públicas e xustiza pola que se declara a suspensión de apertura ao público de determinadas actividades (Logopedas, fisioterapeutas e podólogos).
- Que me comprometo ao mantemento da actividade económica pola que solicito a axuda ata o 31 de decembro de 2020.

En Outes, a de de 2020

(Sinatura do declarante)

2020/5859